

# **PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

**IES de RODEIRA**

## ÍNDICE:

<b>I. Xustificación baseada no contexto</b>	<b>3</b>
<b>II. Lexislación de base</b>	<b>6</b>
<b>III. Identificación e valoración das necesidades</b>	<b>8</b>
<b>IV. Obxectivos</b>	<b>11</b>
<b>V. Programas de atención á diversidade:</b>	<b>11</b>
• <b>V.1 Medidas ordinarias</b>	<b>16</b>
• <b>V.2 Medidas extraordinarias</b>	<b>29</b>
<b>VI. Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas</b>	<b>46</b>
<b>VII. Concreción das actuacións dos distintos profesionais</b>	<b>49</b>
<b>VIII. Mecanismos de coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos</b>	<b>53</b>
<b>IX. Colaboración coas familias e cos diferentes servizos externos ao centro</b>	<b>54</b>
<b>X. Protocolos para a solicitude e /ou autorización das medidas extraordinarias</b>	<b>56</b>
<b>XI. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan</b>	<b>61</b>

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. IES de RODEIRA.

## I.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

A Lei Orgánica 8/2013 do 9 de Decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE), así como a anterior Lei Orgánica de Educación, 2/2006, do 3 de maio,(LOE) e os principios normativos que as sustentan, buscan a calidade educativa, establecendo a atención a todo o alumnado, desde unha perspectiva integral de equidade e inclusión, oposta á discriminación.

Trátase de dar resposta ás diversas necesidades educativas do alumnado, resposta que en moitas ocasións require unha atención educativa diferente á ordinaria, ben por presentar ese alumnado necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por ter altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao noso sistema educativo ou por diversas condicións persoais ou de historia escolar.

A administración educativa ten que asegurar os recursos necesarios para que o alumnado, dentro dun ensino aberto á diversidade, poida acadar o máximo desenvolvemento das súas potencialidades.

O Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes establece igualmente unha relación de complementariedade co que, sobre a atención á diversidade, regulan os decretos da Comunidade Autónoma de Galicia que establecen a ordenación xeral das ensinanzas non universitarias, así como co establecido noutras normativas.

A atención á diversidade, tal e como se recolle do contexto normativo anterior, comprendería toda actuación educativa dirixida a dar resposta ás diferentes capacidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións sociais, culturais e de saúde do alumnado.

Atender á diversidade implicaría, tamén, a implicación de toda a comunidade educativa.

No instituto de Rodeira entendemos que a diversidade é unha riqueza e o centro, un lugar privilexiado para favorecer a inclusión social e educativa, pois por nós pasa toda a poboación ao longo das distintas idades.

Dar resposta ás necesidades educativas heteroxéneas é complexo se só nos movemos desde actuacións individuais e inconexas. Traballamos para avanzar desde a acción particular, solitaria e descontextualizada, á acción de equipo e grupo, compartidas no ámbito de centro e da comunidade, en colaboración con servizos externos.

É por iso que entendemos dentro dos principios que ordenan o noso traballo, a importancia da educación inclusiva.

Traballar pola inclusión implica atender á diversidade e ofrecer oportunidades equitativas, presentar os centros como unha comunidade que educa:

- Dirixir a nosa intervención a todos e cada un dos alumnos/as, xa que a diversidade somos todos e cada un de nós: distintos en forma de pensar, estilo de aprendizaxe, intereses, motivacións...
- Entender e atender a cada unha das nosas aulas dun xeito diverso, como a pequena comunidade que é.
- Facer partícipes aos profesores de xeito individual e cooperativo no traballo.
- Estimular a participación das familias e do contexto comunitario.

Deste xeito, o noso plan de atención á diversidade non vai soamente dirixido aos alumnos con necesidades educativas máis específicas, senón a todo o alumnado en xeral, pois cada un dos nosos alumnos/as é unha persoa diferente.

Como se recolle no Proxecto educativo, o IES de Rodeira é un instituto emprazado no centro urbano de Cangas e rodeado dun entorno suburbano

A súa oferta educativa é moi ampla e podemos dicir que no seu recinto atopamos alumnado que convive seguindo distintas etapas, cursos, graos. Deste xeito, en réxime de diúrno se imparte a ESO (somos liña 3) e dúas modalidades de bacharelato

( Científico-técnica e Humanidades e Ciencias Sociais) con 4 unidades en cada curso, e tres familias profesionais de FP (Electricidade e electrónica, Administración e Informática), así como unha FPB de servizos Administrativos, mentres que no réxime de adultos, nocturno, se completa o segundo ano do PCPI e se ofertan ciclos formativos superiores das familias citadas ademais de Educación Básica de Adultos e alfabetización de estranxeiros. Temos tamén oferta en idiomas por ofertarse unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

A localización xeográfica, costeira, de Cangas e a proximidade de Vigo é determinante na estrutura produtiva da economía das familias.

O contexto socioeconómico de procedencia do alumnado é o correspondente ó mundo mariñeiro e industrial e en menor proporción, ao extracto empresarial, tamén de funcionarios e/ou de profesións liberais.

O instituto está situado nunha vila que tivo tradicionalmente o galego como lingua habitual. Os nosos alumnos e alumnas len, escriben e comprenden perfectamente a lingua galega e

tamén a empregan na fala, aínda que o seu uso está por baixa da lingua castelá. Temos como obxectivo o incremento do uso do galego nas comunicacións entre o noso alumnado e por iso a actividade do equipo de Normalización Lingüística do centro e mesmo, todo o instituto, considera ese obxectivo marco como meta a acadar.

Segundo os últimos datos do Concello, máis do 50% da poboación adulta non posúe o graduado escolar. Esta se converte nunha das nosas preocupacións, pois temos interese en contribuír á incrementar a formación e capacitación da cidadanía, non só a través de conseguir ano a ano cotas de éxito escolar, senón tamén mediante a formación cultural, tecnolóxica, artística e humanística de toda a poboación adulta que estuda no instituto.

Nos últimos cursos asentouse no Concello de Cangas un sector de poboación estranxeira procedente de Marrocos fundamentalmente, pero tamén de países europeos e de América latina. A escolarización dos fillos desta poboación no noso instituto fíxonos reflexionar e incorporar novas propostas no noso traballo. A integración está producíndose con normalidade, dentro dunha aprendizaxe intercultural.

O Concello de Cangas oferta aos seus cidadás unha formación cultural e deportiva diversa en carácter e tramos de idade. Neste sentido, consideramos que o instituto é un centro aberto á comunidade e ao pobo, por iso as nosas instalacións están a disposición, nunha liña de colaboración e previos acordos, ás familias, asociacións e Concello.

O instituto mantén unha liña de colaboración cos servizos do Concello: de Prevención de Drogodependencias, de información á Muller, de Educación e de Servizos Sociais. Con esta colaboración tentamos dar resposta preventiva e formativa ao noso alumnado, mediante obradoiros, asesoramento, xornadas, intervencións coas familias.. considerando que debemos xuntar forzas para atender as casuísticas que observamos nos xoves: consumo de alcol ou outras adicións, embarazos, conflitos, absentismo, integración doutras culturas, convivencia en familias de risco.....

Por último dicir que o IES de Rodeira, polo seu enclave privilexiado atende a unha poboación educativa variada. Na actualidade, os alumnos matriculados proceden no tramo da ESO, maioritariamente, dos colexios adscritos a este IES na rede de centros, CEIP de Castrillón - Coiro e CEIP de A Rúa, aínda que tamén recibimos alumnos de outros centros públicos do Concello (Nazaret, Hío, San Roque, Aldán, ) e de centros concertados (Eduardo Pondal, Casa da Virxe, Compañía de María, Monxas de Aldán...), así como alumnado procedente do concello de Moaña ( CEIP de Tirán ). No tramo de bacharelato e ciclos formativos de Formación profesional o alumnado procede tanto dos centros públicos e concertados do Concello como dos Concellos limítrofes.

Pese a recibir un alumnado tan diverso, observamos que o noso centro ten un nivel de conflitividade baixo en relación ao número de persoas que traballamos no mesmo (90

profesores, 3 administrativos, 4 subalternos e 4 limpadoras) e o número de alumnos e alumnas escolarizados.( en torno aos 1300).

## II.- LEXISLACIÓN DE BASE.

O contexto normativo establece o marco a partir do cal se articula a atención á diversidade, a nivel xeral e na nosa Comunidade Autónoma.

Ademais da lexislación mencionada no apartado anterior, teremos en conta a seguinte:

- Lei Orgánica 13/1982, de 7 de Abril, de Integración Social dos Minusválidos (BOE 30-04-1982).
- Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia (BOE 02-06-1995).
- Orde de 6 de Outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 07-11-1995).
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG 06-09-1996).
- Orde de 31 de Outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan ensinanzas de réxime xeral e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19-11-1996).
- Orde de 28 de Outubro de 1996, polo que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado de NEE asociadas a a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28-11-1996).
- Decreto 324/1996 do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 09-08-1996).
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 02-09-1997).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27-04-1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 31-07-1998).

- Orde de 27 de Decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG do 30 -01-2003).
- R.D. 943/2003 de 18 de Xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración da escolarización dos alumnos con sobredotación (BOE 31-07-2003).
- Orde de 20 de Febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26-02-2004).
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (BOE 04/05/2006).
- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 16-03-2007).
- Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 19-03-2007).
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG 8-05-2007).
- Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión nos centros docentes sostidos con fondos públicos en ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG 15-06-2007).
- Decreto 133/2007, de 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13 -07-2007).
- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG 21-08-2007).
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma Galega (DOG 12-09-2007).
- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22-10-2008).
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOG 12-07-2010).
- Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 15-10-2010).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15-07-2011).

- Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21-07-2011).
- Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG 21-12-2011).

## III.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

### 3.1.- Identificación das necesidades educativas:

A detección e identificación das necesidades educativas do alumnado deben realizarse o máis cedo posible, co fin de adoptar as medidas educativas máis adecuadas de forma inmediata.

Serán considerados **alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio (ACNEA)** todos aqueles que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:

1. Necesidades educativas especiais
2. Dificultades específicas de aprendizaxe
3. Altas capacidades intelectuais
4. Integración tardía ao sistema educativo
5. Condicións persoais ou de historia escolar

Tamén serán candidatos a recibir medidas de atención á diversidade aquel alumnado que sen ser ACNEA precise determinadas axudas tales como cambios metodolóxicos, axudas en grupos reducidos, actividades de reforzo ou ampliación ou actividades para resolver problemas de relación [HHSS].

A identificación das necesidades educativas que presenta o alumnado, se realiza en base a información recollida seguindo as seguintes vías:

*-Reunións de coordinación cos centros adscritos ao instituto a finais de cada curso escolar,* entre os departamentos de orientación, xefaturas de estudo, e titores do alumnado de 6º. Nesta reunión se analiza a situación académica e sociofamiliar de todos e cada un dos alumnos e alumnas que pasarán a 1º ESO, incidindo nos casos que presenten unha problemática específica, un desfase curricular importante, ou precisen o deseño de adaptacións curriculares ou revisión das que aínda seguen vixentes. As decisións tomadas



nesa reunión servirán de guía para organizar as medidas de atención á diversidade do novo curso para 1º ESO. O alumnado que xa acudía en Primaria á Aula de Apoio, se se considera necesaria a continuidade desta medida, recibirá esta axuda desde os primeiros días do novo curso, ditas axudas serán en Lingua Castelá e/ou Matemáticas.

Nesta sesión así mesmo tomarase nota do alumnado que pasa a 1º ESO por imperativo legal, co fin de adoptar as medidas de atención máis convenientes para eles e elas (reforzos, exención de 2ª lingua).

*-Informes procedente dos centros adscritos e non adscritos ao instituto.*

*-Reunións de coordinacións entre os tutores do instituto e o departamento de orientación.*

*-Informes procedentes de Servizos Educativos e de Servizos Sociais do Concello.*

*-Información proporcionada ao equipo directivo polas familias.*

*-Información proporcionada pola inspección educativa.*

*- Consulta de datos académicos xa existentes no propio centro ou dos que cheguen de outro centro, en caso de traslado.*

*-Información recollida polos tutores.*

*-Información facilitada polas familias.*

*-Informes médicos ou de distintos especialistas.*

No procedemento de detección das necesidades educativas do alumnado ocupa un lugar moi importante, no instituto, o titor ou titora por ser o profesional que coordina e reúne a información que recibe por distintos camiños.

A detección do alumnado se concreta:

1. En base a información que posúe o departamento de orientación.
2. En base ao coñecemento por parte do titor ou titora das necesidades do alumnado, mediante o emprego de distintas vías mencionadas e mediante a coordinación mensual e semanal cos especialistas do departamento de orientación na ESO ou mediante reunión acordada coa xefatura do departamento por parte dos tutores e titoras das outras etapas educativas (Bacharelato e Ciclos de F.P.).
3. Mediante a avaliación inicial, no comezo de cada curso.
4. Nas xuntas de avaliación e reunións de equipo docente.

No desenvolvemento do curso escolar tamén poden presentarse situacións de detección de novas problemáticas no alumnado, por parte do profesorado e mesmo por parte do titor. En este caso, o procedemento será o seguinte:

- Cando un profesor ou profesora detecte unha problemática non observada no alumnado ata ese momento, comunicarllo ao titor ou titora, quen se encargará de

recoller os datos e informar ao departamento de orientación para valorar a actuación posible e/ou pertinente.

- A xefatura do departamento de orientación solicitará en caso de avaliación psicopedagóxica, a información que precise ao profesorado e familias. Poderá solicitar a intervención do Equipo específico provincial (EOE) ou de profesionais externos.

A intervención do departamento de orientación poderá ser solicitada polo profesorado, familias e equipo directivo, sempre con coñecemento do titor ou titora respectivo.

### **3.2.- Valoración das necesidades educativas:**

No procedemento de valoración das necesidades do alumnado empregamos no instituto os seguintes recursos:

- A observación do traballo realizado polo alumno/a no grupo-clase e/ou individualmente.
- A observación nunha situación non regrada (recreo, cambio de clase, excursión..)
- Mediante a aplicación de cuestionarios, inventarios ou rexistros.
- Mediante a entrevista (profesor, titor, familia, servizos sociais..)
- Mediante a recollida de datos na avaliación inicial e nas xuntas de avaliación do curso.
- A través da información académica proporcionada polo expediente do alumno/a ou mediante o contacto cos centros de procedencia.
- Mediante a avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación.

Como consecuencia dese procedemento, podemos dicir que no instituto atopámonos cun colectivo de alumnos e alumnas moi diverso e que presenta, en relación á atención á diversidade, as seguintes necesidades e perfil:

- Alumnado de ambiente socio-cultural desfavorecido.
- Alumnado que presenta dificultades académicas e/ou relacionais asociadas a temática emocional e socio-familiar
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe xeneralizadas.
- Alumnado con dificultades ou déficit de atención (TDA ou TDAH).
- Alumnado con trastorno da conduta.
- Alumnado que presenta algún tipo de discapacidade.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
- Alumnado cun baixo asentamento dos hábitos de estudo e traballo escolar.
- Alumnado con desmotivación escolar.

## **IV.- OBXECTIVOS.**

En tanto obxectivos, consideramos neste Plan os seguintes:

- . Estimular a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa (profesores, alumnos, familias, ...) nas accións de atención á diversidade do Centro.
- . Promover a adopción de medidas para facilitar a aceptación e integración na comunidade educativa de alumnos pertencentes a familias socialmente desfavorecidas.
- . Considerar o proceso de ensino e aprendizaxe como compensador das desigualdades socio-culturais e persoais dos alumnos.
- . Responder ás necesidades de cada alumno a partir dunha educación personalizada e, dependendo dos recursos dispoñibles.
- . Considerar a atención á diversidade como un proceso continuo e integrado dentro do traballo de cada profesor, con apoio do departamento didáctico e en colaboración cos especialistas do centro.
- . Propoñer diferentes medidas de intervención para a atención á diversidade no centro.
- . Atender e revisar a resposta educativa do alumnado con NEAE e , cando cumpra, a súa modalidade de escolarización.
- . Potenciar a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- . Potenciar a acción tutorial e o apoio as actuacións do titor/a.
- . Apoiar a organización flexible dos distintos recursos persoais e materiais, adaptándose a realidade do centro en todos os momentos.
- . Empregar unha metodoloxía variada e adaptada a diferentes circunstancias e aos distintos alumnos/as.
- . Priorizar unha boa comunicación e o manexo axeitado nas materias instrumentais.

## **V.-DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

### **5.1.- Actuacións seguidas a nivel xeral:**

As medidas de atención á diversidade e a unha boa convivencia no instituto organízanse en distintos planos:

### **1)- A nivel de centro:**

#### **a)-Organización dos grupos de alumnos de cada nivel.**

Ao final de cada curso escolar o departamento de orientación proporciona á xefatura de estudos unha proposta de organización dos grupos de alumnos/as de cada nivel da ESO, con vista ao curso seguinte, a partir da información dispoñible no propio departamento, aquela outra proporcionada polos centros adscritos no caso de alumnado novo, ou ben a facilitada polos titores. Considerando estes datos, aqueles dos que dispón a dirección e as variables na elección realizada polo alumnado, se configuran os grupos por nivel.

Tentamos distribuír de xeito equilibrado nos grupos, variables de sexo, centros de procedencia, repetidores, alumnado con necesidades de reforzo, alumnado de ACSs, alumnado de familias de risco e alumnado que precisa seguimento da súa actitude.

No caso de alumnado de Bacharelato, Ciclos Formativos e Educación Básica de adultos, a organización dos grupos se establece en función da solicitude do alumnado e das posibilidades da oferta do instituto, sempre atendendo a lexislación que regula o proceso.

#### **b)- A organización de medidas na atención ao alumnado.**

As medidas na Educación Secundaria Obrigatoria se distribúen ao longo dos distintos cursos, primando as intervencións máis intensas nos tres primeiros cursos da ESO. Estas medidas, aplicadas polos departamentos didácticos co apoio e colaboración do departamento de orientación, tentamos que sexan ano a ano progresivamente máis inclusivas, de xeito que actúen sobre o grupo ordinario especialmente, aínda que o departamento de orientación tamén actúa individualmente co alumnado de NEAE. Reforzamos as instrumentais sobre outras materias.

No Bacharelato e Ciclos Formativos as medidas de reforzo educativo se aplican nas materias co alumnado con máis dificultades, establecéndose a flexibilización do currículo cando froito da casuística e valoración psicopedagóxica, así se considere.

A atención á diversidade do alumnado mediante un currículo adaptado ou diversificado, na ESO, se completa coa oferta de o Programa de Formación Profesional Básica que representa o nivel 1 de Cualificación Profesional.

En educación de Adultos se contemplan medidas de apoio co alumnado que presente NEAE diagnosticadas, sempre en función das posibilidades dos recursos existentes.

#### **c)- Asignación de titores:**

No centro entendemos a relación que existe entre 1º e 2º de ESO como se fose un ciclo, (aínda que na LOMCE se fala de que o primeiro ciclo está formado polos cursos de 1º, 2º e 3º

de ESO), polos procesos fisiolóxicos, psicolóxicos, sociais, afectivos e cognitivos que están en marcha, de aí que parécenos moi importante coidar a selección dos titores. Pensamos na súa experiencia docente e titorial e na continuidade.

Os titores que atenden a un grupo en 1º de ESO, continúan co mesmo grupo para 2º de ESO. Este criterio se mantén normalmente e sempre que sexa posible.

Procuramos que os titores de 3º de ESO tamén teñan experiencia e sexan definitivos, en especial se o alumnado repetidor é numeroso. Os titores de 4º curso cambian por estar organizado ese ciclo por itinerarios cunha finalidade fundamentalmente propedéutica.

Nas outras etapas que oferta o instituto, (Bacharelato, Ciclos Formativos de FP e Educación Básica de Adultos) a asignación de titores se realiza recollendo os criterios de experiencia e rotación de funcións, o que contribúe periodicamente, ano a ano, ao cambio de titores e ao enriquecemento da experiencia docente.

Intentamos ano a ano asentir a idea de titoría compartida, no sentido que todo profesor que da clase nun grupo, ensina e educa e, polo tanto, ten unha responsabilidade importante de actuación co alumnado. Neste sentido intentará unha actuación próxima e personalizada co alumnado ao que lle da clase.

#### ***d)- Reunións cos titores:***

Hai horas asignadas aos titores da ESO para reunións co departamento de orientación. A finalidade é coordinar o desenvolvemento do PAT, realizar o seguimento das titorías e do alumnado e formular cuestións de interese e/ou suxestións.

No mes de setembro establecemos reunións intensas nas primeiras semanas e logo se desenvolven a partir de outubro mes a mes. Na primeira semana de cada mes os titores se reúnen coa orientadora e nas seguintes se aborda especificamente a atención ao alumnado de apoio ou adaptación polo que colaboran as profesoras de pedagogía terapéutica.

As reunións cos titores e titoras permiten a detección temperá de condutas previas que orixinarían condutas disruptivas nas aulas e abordalas desde tres eidos: na aula polo titor, no departamento de orientación e na xefatura de estudos. Así mesmo, o coñecemento que os titores e titoras teñen do contorno sociofamiliar do alumnado, e as súas relacións na aula e interacción cos compañeiros e compañeiras, son unha información inestimable para a xefatura de estudos á hora de abordar posibles correccións a condutas contrarias ás normas.

#### ***f)-Reunións iniciais:***

Antes do comezo do curso escolar celebramos reunións do equipo docente de 1º e 2º conxuntamente e outra de 3º de ESO.

A estas reunións asiste o departamento de orientación e a xefatura de estudos. Nelas se realiza unha presentación do alumnado que é preciso seguir ata a avaliación inicial, a continuidade de medidas de atención á diversidade no caso dalgún alumnado e se acorda conxuntamente normas de actuación iniciais do equipo docente.

### ***g)- Recepción de profesores:***

No claustro de inicio de curso se presentan os profesores novos.

O equipo directivo entrega a cada profesor do claustro unha carpeta personalizada con información escrita e un CD co seu horario persoal e o dos grupos que atende, listado e fotografías do alumnado, horario do departamento, suxestión de fichas para a carpeta do profesor, lexislación educativa, procedementos para permisos, PEC, NOF, Plan de absentismo...

Aos titores se lles entrega unha carpeta que contén a información anterior, pero que tamén incorpora un modelo de carpeta titorial con actividades iniciais para a titoría nas xornadas de acollida do alumnado. A esta carpeta se engade outra que contén a información e os informes de final de curso de cada alumno ou alumna dos cursos anteriores.

### **2)- A nivel de alumnado:**

O primeiro paso para que o alumnado coñeza que o temos en conta e que teña participación no funcionamento da aula e do centro, porque as súas opinións ou suxestións se valoran. Cando isto sucede a súa implicación vai cambiando así como o sentimento de pertencer a un grupo ou a un centro e redonda positivamente na solución dos problemas.

### **a) -Titorías:**

Potenciamos o traballo nas titorías, na liña de asentar o coñecemento do alumnado, a cohesión do grupo, as habilidades de relación, a elaboración de normas de clase consensuadas, de representantes e da súa participación nas diversas actividades que organiza o centro.

Interéstanos ano a ano o asentamento da figura do delegado e a súa representatividade e este é un dos aspectos onde temos que seguir encontrando fórmulas de mellora.

Os obradoiros que incorporamos no traballo dentro das titorías teñen que ver coa mellora da convivencia mediante xornadas ou traballos, sobre a alimentación e consumo, resolución de conflitos e arbitraje, tarefas de cooperación ou igualdade e prevención sobre a violencia de xénero. Tamén realizamos obradoiros de educación afectivo e sexual.

### **b)- Participación na vida do centro:**

Temos deseñada unha xornada de portas abertas para o alumnado dos centros adscritos, dentro do Plan de Transición de Primaria a Secundaria. Esta xornada se continúa coa de Acollida durante o mes de setembro, enfocada para todo o alumnado novo.

Ano a ano, o alumnado participa máis activamente nas actividades do instituto:

Durante os recreos se desenvolven actividades deportivas no pavillón, tamén se organizan actividades musicais. Na biblioteca poden acceder a recursos informáticos, ler ou participar en concursos literarios. O departamento de matemáticas organiza periodicamente concursos matemáticos. Hai clubs de lectura dinamizados polos alumnos e alumnas.

Contamos co alumnado na celebración de festas e acontecementos: magosto, entroido, semana intercultural, suxestión de saídas, festa de final de curso, día da paz, letras galegas e normalización lingüística do centro. Tamén no transcurso das clases se negocia as datas dos exames ou entrega de traballos, en función do calendario do curso.

O equipo de Normalización lingüística ten reunións nos recreos co alumnado e cada vez hai incorporados máis alumnos e alumnas.

Organizamos exposicións temáticas interdisciplinarias que serven de información e aprendizaxe a toda a comunidade escolar.

Pese á dinamización do alumnado, as veces xorden pequenas desavenencias entre eles que intentamos atender desde unha perspectiva de análise, reflexión conxunta sobre a situación e mediación na situación. As actuacións van desde a abordaxe dos alumnos ata o da rede de interacción implicada. Estas mediacións se realizan contando con actuacións distribuídas entre a xefatura de estudos e/ou departamento de orientación, segundo a casuística e acordos. Tamén contando cos mediadores escolares.

### **3)- A nivel da participación das familias:**

Desde as titorías e departamento de orientación intentamos establecer unha relación positiva e de colaboración coas familias.

No primeiro trimestre do curso todas as familias que teñen fillos /as na ESO, son entrevistadas polos titores e algunhas varias veces, en especial despois da avaliación inicial e cando é preciso acordar accións conxuntas familia-centro. Nas restantes etapas se realizan tamén entrevistas ben por petición do profesorado ou das familias.

Despois da primeira avaliación se realiza outra rolda de entrevistas, comezando polas familias daqueles alumnos ou alumnas con máis materia suspensas. Na segunda avaliación centrámonos moito máis no alumnado que manifesta distintos problemas coa finalidade de orientar especificamente reforzos e itinerarios a seguir.

No instituto funciona unha Escola de Pais e Nais que intentamos potenciar.

## 5.2.- Medidas de atención á diversidade:

Entendemos por medidas de atención á diversidade todas as diversas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do noso alumnado.

Estas medidas poden clasificarse en **ordinarias e extraordinarias e ambas teñen un compoñente curricular e organizativo**, en distinto grao, e coexisten necesariamente, pois toda medida organizativa implica unha toma de decisións en calquera dos elementos do currículo: obxectivos, contidos, criterios de avaliación ou enfoques metodolóxicos.

### A/-MEDIDAS ORDINARIAS:

- As medidas ordinarias, teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
- Algunhas destas medidas organízanse todos os anos: **adecuación da estrutura organizativa, adecuación das programacións didácticas e das metodoloxías, reforzos e atención a pendentos.**
- A realización de medidas de RE serán responsabilidade do departamento didáctico das distintas materias e realizarase a través do profesor/a que dea clase no grupo. É unha medida previa ao emprego de outras de carácter extraordinario. Despois de cada avaliación o departamento elaborará o listado de alumnos/as obxecto de medidas de reforzo ( RE) e realizará o seguimento da medida.
- Os **desdobres de grupos** están condicionados pola necesidade e a dispoñibilidade horaria dos membros dos Departamentos implicados.

En relación con estas medidas e na atención á diversidade no instituto de Rodeira, consideramos o seguinte:

#### a) **Intentamos adecuar a estrutura organizativa do centro ao noso alumnado no referente aos agrupamentos, organización dos espazos, mobiliario e horario.**

- **Se consideramos os agrupamentos**, o Equipo Directivo e a Comisión de Coordinación Pedagóxica deberán ter en conta as características do alumnado á hora de organizar a oferta educativa do centro:



**-Optatividade e itinerarios.** Ofreceráse o máximo de optativas posibles en cada etapa educativa, en función das posibilidades do centro e das necesidades para os estudos futuros do alumnado. Os itinerarios do centro deben garantir unha orientación académica e profesional que facilite unha axeitada elección.

**-Na formación dos grupos,** como xa comentamos con anterioridade, distribuirase ao alumnado de xeito que queden equilibrados os alumnos e alumnas con problemas de conduta e dificultades de aprendizaxe.

**-Se analizamos a organización dos espazos** vemos que a distribución das aulas polas distintas plantas e corredores está pensada para facilitar o contacto e integración ente o alumnado.

As dúas aulas de orientación onde se realizan apoios ao alumnado están na primeira planta pola forte actuación preventiva e as intervencións que o departamento realiza cos grupos de 1º e 2º da ESO, dentro e fora das aulas ordinarias. A proximidade aos grupos, facilita o contacto frecuente do alumnado co profesorado de apoio.

#### **-En relación ao mobiliario:**

As aulas contan con casilleiros para o alumnado e na maioría canón de proxección. Hai tamén ordenadores, televisores e vídeos nos laboratorios e na sala de usos múltiples. Os departamentos contan con portátiles para poder dinamizar as clases.

Para a atención do alumnado fora do seu grupo-clase ademais dos espazos dos departamentos didácticos, contamos con dous despachos independentes na planta baixa que, normalmente, se empregan para as reunións coas familias pero que tamén se empregan para atender ao alumnado en entrevistas conxuntas ou para cuestións puntuais en que se precisa maior privacidade.

-O instituto pola súa situación céntrica e accesible a toda a vila de Cangas é un centro aberto á comunidade, pois ademais da oferta regrada e non regrada conta cunha extensión da escola de Idiomas e nela funciona o Programa de Aulas Mentor.

#### **-En relación ao horario:**

- O centro está aberto desde as 8.30 da mañá ata as 10.30 da noite e as súas instalacións son moi solicitadas para cursos, actividades do concello coa xuventude, maiores, asociacións, conferencias etc..

No horario de mañá, establecido desde fai cinco cursos por decisión conxunta da comunidade educativa, contamos con dous períodos de descanso de 20 minutos distribuídos de xeito equitativo , de forma que despois de dúas sesións de clase exista un período de

descanso, agás os luns e mércores que sería despois das tres primeiras sesións un descanso. Con isto se pretende atender mellor ao ritmo de traballo e atención do alumnado e ao bo desenvolvemento das clases.

É interesante que, dentro das posibilidades do centro, se alterne en días e en franxa o horario das materias.

### **b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.**

Os departamentos didácticos concretan nas correspondentes programacións didácticas os obxectivos e contidos da materia, a súa secuencia e distribución por curso e os criterios de avaliación, así como os principios metodolóxicos adoptados. Todo isto, co fin de lograr que o maior número de alumnos e alumnas poida conseguir os obxectivos e competencias básicas da educación secundaria obrigatoria.

Cada profesor, dende a súa materia, adapta a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos en particular, deseñando estratexias de carácter ordinario que lle permiten atender á diversidade do alumnado, tales como:

- \*Establecer secuencias e organización de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos.

- \*Deseñar actividades variadas e con diferente nivel de dificultade:

- \*Actividades de reforzo, para aqueles alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.

- \*Actividades de recuperación, para aqueles que o final da secuencia non acadasen os obxectivos previstos.

- \*Actividades de ampliación, para aqueles outros que van diante na súa aprendizaxe.

- \*Utilizar recursos e materiais diferenciados- gráficos, audiovisuais, material manipulable..- para contemplar os distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.

A acción titorial e a optatividade son tamén medidas que permiten unha adecuación do currículo ás diferentes capacidades, intereses e motivacións que caracterizan a diversidade do alumnado.

### **c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

No centro existe un interese por mellorar os aspectos metodolóxicos e de coordinación no traballo diario e no curso a curso.

Os departamentos didácticos intentar coordinarse dun xeito interdepartamental para consensuar as súas propostas, así os departamentos de base mais científica ou tecnolóxica (Matemáticas, Bioloxía, Física e Química, Tecnoloxía) se coordinan entre si e os de Linguas (Lingua Galega, Lingua Castelá, Linguas estranxeiras) entre eles, o que, a larga redonda nunha maior coherencia na planificación dos contidos e da súa secuenciación.

No instituto se traballa en linguas desde o Portfolio e tamén se aborda a aprendizaxe dentro do marco das Seccións Bilingües, impartíndose a un grupo de alumnos de 2º de ESO a materia de Música en lingua inglesa. Contamos cunha profesora nativa de apoio en lingua inglesa que reforza a aprendizaxe oral.

Desde a Biblioteca do centro e desde os departamentos de Linguas se impulsou o Plan Lector do centro, no que participan a día de hoxe todos os departamentos didácticos do instituto. Preténdese fomentar o máis posible o gusto pola lectura e a súa mellora. Esta última tarefa ten distintas abordaxes que poden variar en relación co alumnado e coas celebracións, durante o ano.

Tamén en colaboración coa Biblioteca se realizan no centro actividades de libro-forum con alumnos, pais e en ocasións cos propios autores.

Organízanse exposicións temáticas interdisciplinares coordinadas desde a biblioteca, vicedirección, orientación ou entre varios departamentos, que serven de información e aprendizaxe a toda a comunidade escolar. Cando a temática cremos que pode ser de interese para alumnos ou alumnas máis pequenos, informamos aos centros adscritos.

O Departamento de Normalización Lingüística do centro leva realizando unha intensa labor ao longo destes anos no coñecemento, difusión e estímulo da Lingua Galega, que cada ano anima máis a participación de toda a Comunidade Educativa.

Desde os distintos departamentos didácticos se programan saídas complementarias, en horario escolar, que contribúen a incrementar o coñecemento do alumnado da realidade e estimulan a participación e convivencia nos grupos. Na medida do posible, se intenta que esas saídas sexan entre varios departamentos.

En algunhas materias tamén se emprega no instituto a titoría entre iguais, método cooperativo mediante o cal un alumno /a (alumno/a titor) aprende ensinando ao seu compañeiro/a (alumno/a titorizado) e, este a súa vez aprende grazas á axuda personalizada que recibe.

O desenvolvemento dun enfoque de traballo cooperativo, a nivel metodolóxico, vai despertando interese curso a curso e se inician no instituto accións de formación en este campo que inciden no traballo das distintas materias, nos grupos da ESO.

## **d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

En función das necesidades máis específicas detectadas no alumnado, así trastornos de atención, dislexia, discapacidade, trastornos no desenvolvemento, distinta temática motórica, estranxeiros.. ou situacións específicas que poidan xurdir no desenvolvemento do curso escolar, e contando co asesoramento do departamento de orientación, se realizan as adaptacións necesarias coa finalidade de adecuar a situación de aprendizaxe e facilitar os tempos, procedementos e instrumentos de avaliación.

En xeral, no proceso de avaliación de calquera alumno/a se teñen en conta os seguintes parámetros:

- Asistencia e puntualidade.
- Asistir co material preciso.
- Participación e traballo do alumno/a na clase.
- Realización das tarefas de reforzo en casa.
- Revisión do caderno de traballo.
- Participación no traballo en grupo.
- Actitude e interese coa materia.
- Convivencia no grupo-clase.
- Entrega de traballos ( exposición, lecturas, propostas...nun tempo determinado, de xeito manual o mediante o uso das TICs).
- Realización de probas e de exames.

## **e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.**

No instituto parécenos de gran importancia fomentar e coidar un bo clima relacional e de traballo, xa que contribúe a desenvolver o sentimento de pertenza, de que o centro é algo que construímos entre todos, e que por iso todos debemos melloralo e gozalo.

Neste sentido cóidanse as relacións de boa convivencia entre o profesorado e persoal non docente, facendo participar a este último nas actividades que o posibiliten, ano tras ano (entroido, magosto, semana intercultural, exposicións, excursións, control da orde e limpeza no centro, petición de opinións...).

Podemos dicir que o instituto ten un nivel de conflictividade baixo en relación ao número de persoas que traballamos nel e o número de alumnos e alumnas escolarizados. Con todo, as dificultades enfócanse no alumnado nas diferenzas comunicativas ou conflitos entre iguais.

As veces xorden pequenas desavenencias entre o alumnado que intentamos atender desde unha perspectiva de análise, reflexión conxunta e mediación na situación.

**Como medidas ordinarias de mellora, destacamos:**

### **- A Aula de Convivencia, como aula de reflexión e de estudo**

**Obxectivo:** Estratexia organizativa de xestión pacífica dos problemas, baseada na visión positiva do conflito, entendéndoo como oportunidade para a reflexión, para a integración democrática das normas e para a mellora persoal e da institución escolar. No noso centro integra tres modalidades: como aula de reflexión, coma aula de estudo e como observatorio da convivencia e por iso, é utilizada:

- Para facilitar a reflexión do alumnado da ESO ou FPB que impide gravemente o normal desenvolvemento do traballo no grupo-clase por presentar condutas disruptivas continuadas, e despois de que o profesorado tentase distintas actuacións co alumno/a, que non deran resultado.
- Tratar de atender ao alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, é obxecto de sanción durante un tempo ( materias, recreos, días..) ou de privación do seu dereito de asistencia ao centro, sendo atendido nesta aula en vez de cumprir a sanción en outro espazo.
- Procurar datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo-clase ou sobre o centro escolar en xeral.

#### **Organización básica:**

- O alumno/a non vai directamente dende a súa clase a esta aula. Sempre baixa a dirección e será a xefatura quen dirá se é derivado á aula, informándose a familia e titor/a correspondente. O profesorado da materia que deriva o/a alumno/a a dirección informará do problema o antes posible.
- Como aula de reflexión o alumno/a é atendido polo profesorado de garda e realiza o traballo de reflexión condutual do protocolo. Logo, pode volver ao seu grupo se o profesorado o estima.
- O alumno/a que é derivado á aula durante un período (recreos, materias, días..) deberá contar sempre con tarefas para realizar durante a súa permanencia elaboradas ou indicadas polo profesorado correspondente. Do traballo e cumprimento será informado o titor/a e profesorado.

- A xefatura de estudos establecerá gardas específicas do profesorado para atender esta aula, na maior franxa horaria posible, tendo en conta as dispoñibilidades do centro.

### **- O Procedemento de Mediación Escolar:**

No centro estamos interesados en potenciar a mediación entre iguais, nese sentido, iniciamos o camiño da formación do profesorado e do alumnado.

Contamos cun grupo de mediadores amplo, alumnos e alumnas escolarizados desde 1º da ESO a 1º de Bacharelato.

O curso pasado aprobamos o procedemento de mediación escolar entre iguais.

**Obxectivo:** É un xeito pacífico e moi definido de resolver os conflitos entre dúas partes do alumnado, no que unha terceira parte, o/a mediador/a, axuda dun modo confidencial, sen dar consellos e con neutralidade, a que se atope unha solución.

**Organización básica:** É un proceso voluntario e confidencial, que segue unhas normas e se organiza en fases ou momentos. Require da existencia de profesorado coordinador

- As partes en conflito deben atoparse dispostas a utilizar o diálogo e a escoitarse, sen que exista asimetría de poder. Na conserxería do centro atópase o modelo de solicitude que pode cubrir o alumno/a que solicite a mediación, así como o cadro de mediadores a elixir.
- O alumno/a pode chegar a solicitar a mediación por si mesmo ou ben aconsellado polo seu titor/a, xefatura de estudos ou orientación.
- A mediación realizarase tomando o horario do alumnado mediador e facilitando que non perda clases (horario de atención educativa e tutoría preferentemente). De entenderse que, polo estado ou a natureza do conflito, é necesario mediar o antes posible, o/os coordinador/es proporán horas de clase diferentes das anteriores, previa consulta ó profesorado implicado. Neste caso, o profesorado garantizará que se comunique ao alumnado afectado as tarefas de clase realizadas e as tarefas para casa.
- O resultado da mediación será comunicado ao coordinador ou, no seu caso, tamén á xefatura de estudos.
- Toda mediación precisa dun seguimento dos acordos. En caso de non existir acordo das partes o problema será remitido á xefatura ou orientación, segundo o caso.

## **- Alumnado axudante de convivencia no grupo- clase:**

### **Obxectivo:**

- Fomentar o coñecemento, a colaboración e a busca de solucións aos problemas interspersais que se presenten no grupo de clase.
- Favorecer a participación directa do alumnado na resolución positiva de conflitos que poden aparecer
- Reducir os casos incipientes de acoso
- Mellorar o clima de convivencia nos grupos.

**Perfil:** Alumnado de 1º e 2º de ESO seleccionado e formado ( tres alumnos/as en cada grupo).

### **Organización básica:**

- A información sobre o alumnado axudante e a posterior elección debe ser realizada nunha ou dúas sesións co grupo-clase.
- Unha vez que se traballe a figura en clase e se aclare o seu perfil, serán os propios alumnos/as os que proceden a propoñer aos compañeiros como alumnos/as axudantes, aínda que tamén poden presentarse voluntarios.
- Se levanta acta dos alumnos/as voluntarios e propostos e dos votos acadados.
- Informamos na clase que posteriormente se realizará a selección definitiva pois, ademais dos votos, contará a opinión do titor/a e departamento de orientación.
- Seleccionaranse a tres alumnos/as por grupo.
- Unha vez que o alumnado sexa seleccionado, enviaremos información ás familias do contido do programa e da selección do seu fillo/a, mediante carta. Pediremos que aproben a súa participación e formación.
- A formación realizarase en horario de tarde.

### **Pasos a seguir para o mantemento do programa:**

- Nomear unha persoa como responsable do proxecto.
- Creación dun equipo de profesores/as que traballe directamente o programa e impulse a súa inclusión na vida do centro.
- Presentación do proxecto á comunidade e ás familias.
- Implicación e participación do alumnado.
- Introducción dun espazo horario para poder realizar o programa de formación inicial (pola tarde) e para reunións posteriores.
- Habilitación dun espazo para poder reunirse con periodicidade.

## **f)- Desdobramentos de grupos.**

**Obxectivo:** Consiste na división dun grupo en dous coa intención de reducir o número de alumnos/a e así poder traballar de xeito máis personalizado co alumnado nos distintos aspectos das materias contempladas na lexislación (mellora dos procedementos tecnolóxicos, prácticas de laboratorio, de taller, mellora da aprendizaxe dunha lingua estranxeira...).

### **Perfil:**

- Alumnado da ESO dos tres primeiros cursos. Realizarase o desdoblamento con carácter semanal.
- Nas materias, os subgrupos organízanse equilibrando os niveis de rendemento, dificultades e necesidades educativas que se observen no alumnado.
- Alumnado da ESO na hora de Ciencias da Natureza, Física, Química ou Bioloxía e Xeoloxía o desdobre facilitará as prácticas de laboratorio. Os grupos rotarán de xeito que nunha semana un subgrupo ( a metade do grupo) repasa e reforza a materia mentres o outro subgrupo está nas prácticas, na semana seguinte realizase o proceso contrario nos subgrupos.
- Alumnado da ESO que participe nas seccións bilingües, o desdobre dos grupos facilita a mellora da lingua estranxeira, inglés, na materia de Música.

### **Organización básica:**

- Distribúese ao alumnado dunha clase en dous grupos, cada un cun profesor ou profesora distinto en aulas diferentes.
- Adoitan a ser grupos estables no curso.
- A distribución faise, segundo a materia, en función de criterios que permitan un mellor desenvolvemento das competencias do alumno e utilización de metodoloxías máis activas.

## **g)- Desdobres nas materias de linguas e matemáticas.**

**Obxectivo:** Consiste na división dun grupo en dous coa intención de reducir o número de alumnos/a e así poder traballar de xeito máis personalizado co alumnado nas materias instrumentais (mellora da expresión oral, lectora, escrita, mellora dos procedementos matemáticos...). pretendemos:

- Consolidar a aprendizaxe de contidos instrumentais básicos e a adquisición de competencias básicas nas materias de linguas e matemáticas.
- Ofrecer ao alumnado unha atención máis personalizada.



- Procurar que o alumnado con dificultades na materia poida superala.
- Desenvolver contidos e procedementos de abordaxe das materias de linguas e matemáticas.

**Perfil:**

-Medida adoptada polos departamentos didácticos de linguas e matemáticas en función das previsións do alumnado, proporcionadas polo departamento de orientación no inicio de cada curso

- Dirixida ao alumnado de 1º e 2º cursos da ESO.

**Organización básica:**

- Nas materias os subgrupos se organizan equilibrando os niveis de rendemento, dificultades e necesidades educativas que se observen no alumnado.
- O reforzo educativo nas materias instrumentais de lingua castelá, lingua galega e matemáticas será considerada unha medida prioritaria de atención á diversidade.
- Na distribución do horario dos departamentos didácticos, despois de cubrirse as horas de docencia, será considerado prioritario a dedicación de tempo para o reforzo do alumnado.

**a) - Medida de reforzo como apoio polo profesorado das materias**

**Obxectivo:** Consiste no apoio ao alumnado con mais dificultades na materia en polo menos unha sesión semanal, para axudarlle a facer posible un mellor dominio dos obxectivos e competencias básicas.

**Perfil:**

-Medida adoptada polos departamentos didácticos de matemáticas e tecnoloxía en función das previsións do alumnado e dos procesos de avaliación.

-Dirixida ao alumnado do da ESO, especialmente de 1º a 3º da ESO.

**Organización básica:**

- Na distribución do horario dos departamentos didácticos, despois de cubrirse as horas de docencia, será considerado prioritario a dedicación de tempo para o reforzo do alumnado.
- Mentres un profesor atende ao alumnado que segue con normalidade a materia, o outro profesor/a, que normalmente é o responsable da clase, traballa co alumnado que presenta máis dificultades.
- Mentres un profesor presenta un traballo de corte práctico o outro reforza a práctica con aquel alumno/a que presenta máis dificultades.

## **b) - Programas de enriquecemento curricular (alumnado altas capacidades).**

**Obxectivo:** Consiste no apoio e en ofrecer unha atención personalizada a aquel alumnado que presenta necesidades educativas específicas motivadas pola súa situación de altas capacidades intelectuais, coa intención de potenciar ao máximo as súas capacidades, estimular as súas posibilidades e/ou favorecer as súas habilidades de relación e integración social.

**Perfil:**

-Alumnado para o que despois dunha avaliación psicopedagóxica ampla realizada polo departamento de orientación ou coa axuda do EOE provincial, se determina a idoneidade de ampliar ou enriquecer o seu programa de traballo no curso.

**Organización básica:**

O alumnado con altas capacidades seguirá medidas de enriquecemento que lle axuden ao desenvolvemento persoal, que consistirán en :

- Actividades variadas e creativas deseñadas polos departamentos, nas materias en que se determine.
- Asistencia a clases con grupos de distinto nivel académico (aceleración).

Se estas medidas non resultaran suficientes para atender as peculiaridades do alumnado poderíanse poñer en práctica as seguintes, segundo se consideren máis axeitadas: A realización dunha adaptación curricular de ampliación ou ben a flexibilización do período de escolarización.

## **j) -Programas de reforzo nas materias instrumentais básicas.**

**Obxectivo:** Acadar as competencias básicas nas materias instrumentais.

**Perfil: segundo se contempla na circular 8/2009 e no decreto correspondente.**

-Alumnado de 1º e 2º de ESO que:

- Repetira algún curso na etapa de educación primaria e presente dificultades importantes nas linguas ou nas matemáticas.
- Que promocióne á ESO con dificultades nesas materias ou sobre os contidos básicos, superara ou non esas materias no 3º ciclo de Primaria.
- Que promocióne de 1º a 2º de ESO con linguas ou matemáticas suspensas.
- Que repetiran 1 ou 2º da ESO.

### **Organización básica:**

- A finais de xuño e mediante a reunión do departamento de orientación da ESO e xefatura de estudos co departamento de orientación e titores de 6º curso de Primaria, seleccionase o alumnado que precisa no inicio da secundaria de medidas de reforzo nas linguas e matemáticas. Este listado complétase, se fose o caso, na avaliación inicial dos cursos.
- Igualmente a finais dos cursos de 1º e 2º de ESO se realiza o listado dos alumnos/as, por parte do departamento de orientación, tutoría e xefatura de estudos.
- O alumnado de Primaria que precisa reforzo en linguas polas súas dificultades importantes contará cun informe complementario de linguas e cunha solicitude de estar exento da 2º lingua estranxeira (francés) artigo 5 da Orde 6/09/2007, que será aceptada ou non pola dirección.
- O alumnado de 1º ou de 2º da ESO que obedeza ao perfil anterior de dificultades importantes nas linguas quedará exento de cursar a 2º lingua estranxeira tras a correspondente solicitude.
- Nos casos anteriores, a atención nas dúas horas semanais do alumnado con dificultades nas linguas, exento da 2º lingua estranxeira, correrá a cargo das profesoras de pedagogía terapéutica do departamento de orientación.
- A atención do alumnado con dificultades nas matemáticas correrá a cargo do departamento de matemáticas.

### **i) -Programas de recuperación (materias pendentes).**

**Obxectivo:** Axudar ao alumnado a recuperar materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores.

**Perfil:**

-Alumnado da ESO, bacharelato ou FP ( básica ou ciclos formativos).

### **Organización básica:**

As xefaturas dos departamentos didácticos deseñarán e prepararán actividades que deben de realizar e /ou presentar todo o alumnado que teña pendentes do curso anterior.

Este traballo seralle presentado na ESO pola xefatura do departamento, mediante reunión específica e seguido polo profesor/a que imparte clases da materia ou módulo no curso. En caso de que a pendente sexa dun curso anterior ao que realiza o alumno/a será o titor/a a persoa encargada do seguimento.

Na FP o titor/a coordinará xunto coa xefatura do departamento o plan de recuperación de módulos pendentes.

## **k) Programas específicos personalizados.**

### **Obxectivo:**

- Axudar ao alumnado repetidor a superar as dificultades de aprendizaxe naquelas materias que provocaron a repetición do curso.
- Teñen tamén por obxectivo o seguimento próximo do alumnado naquelas materias nas que se lle presentaron as maiores dificultades.

### **Perfil:**

- Alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º ou 4º curso da ESO.

### **Organización básica:**

- O programa xirará sobre os mínimos esixibles do curso nas materias que o alumnado non superou na convocatoria extraordinaria de setembro e que provocaron a situación de repetición. Debe ter en conta as características particulares do alumnado para poder avanzar, as competencias que se deben reforzar e o esforzo que realiza o alumno no seguimento do programa (entrega de traballo, actitude ante as tarefas, aproveitamento).
- Despois da avaliación de setembro e de xeito inmediato, a xefatura de estudos elaborará un listado co alumnado repetidor e as materias suspensas que lles provocaron a repetición de curso. Enviará este listado a todos os departamentos didácticos e aos titores respectivos.
- departamento didáctico, reunido en setembro, analiza a relación de alumnos que suspenderon a súa materia e a casuística que presentan. Se elabora o PEP de cada alumno (ver anexo III) que se garda no departamento, entregándolle copia ao profesor que impartirá as clases e a xefatura de estudos, quen a transmitirá aos titores respectivos.
- profesor que imparte a materia ao alumnado repetidor, realizará o seguimento do traballo do alumno/a, observando: a súa actitude ante as tarefas propostas, aproveitamento das actividades e entrega de traballo. Cos datos de que dispoña, informará mensualmente ao titor.
- Antes da avaliación trimestral o profesorado dará conta no seu departamento do desenvolvemento do PEP do alumnado. Todo o traballo desenvolto polo alumnado formará a cualificación da materia.
-

## I) Programas de habilidades sociais.

Por habilidades sociais entendemos aquela parte do noso repertorio de condutas, da nosa forma de ser, que implica relacionarse axeitadamente cos demais, así: escoitar activamente, pedir desculpas, dar unha queixa, facer unha crítica, expresar unha loanza (eloxio), disentir dos outros/as, ser empático, ser asertivos, resistirse as presións do grupo....por iso un bo desenvolvemento destas habilidades está directamente relacionado cun axeitado funcionamento psicolóxico, académico e social.

### Obxectivo:

- Promover no alumnado a práctica e a adquisición das habilidades sociais e persoais que lle faciliten acadar relacións interpersonais positivas.
- Favorecer nos alumnos/as a incorporación de condutas socialmente desexables na súa vida.

### Perfil:

- Grupo de alumnos/a dos cursos da ESO e FPB. De forma excepcional, alumnado con necesidades educativas escolarizado na etapa postobrigatoria.

### Organización básica:

- Plan de HHSS forma parte do Plan de Actividades do Departamento de Orientación e está ligado ao Plan de Acción tutorial, estando implícito nas actividades de tutoría que se realizan ao longo do curso.
- As HHSS son traballadas na aula polo titor/a, con apoio cando sexa preciso e acordado polo Departamento de Orientación.
- Nos casos en que fose necesario ampliar o traballo realizado na clase polo titor/a, ben con todo o grupo ou con aquel alumnado que presente carencias importantes o Departamento de Orientación encargárase directamente, nas sesións que se estime.
- Con aquel alumnado que se determine, por sanción na aula de convivencia ou por resolución dun expediente, o departamento de orientación facilitará material para o reforzo das habilidades necesarias e de resolución de conflitos.

## B/-MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

1. **Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade** todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do

currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

2. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.
3. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización (da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación).

**Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade as :**

### **a) Adaptacións curriculares significativas: ACSs**

#### **Obxectivo:**

- Atender as necesidades educativas dun alumno/a con dificultades persoais ou que presenta altas capacidades.

A adaptación curricular significativa consiste nunha proposta curricular específica na que se introducen modificacións significativas nunha ou varias materias. Estas modificacións afectan aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de tal xeito que poden suprimirse, reducirse, reformarse, complementarse ou ampliarse.

#### **Perfil:**

- Alumnado que por diversas razóns (educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou posuír calidades excepcionais) non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen mediar medidas de modificación esencial do currículo de referencia.
- Podemos atopar ao alumnado con ACS na etapa obrigatoria e nas postobrigatorias.
- O alumnado con n.e.e que presente condicións persoais de discapacidade mental, motora ou sensorial ( así problemas de mobilidade, xordeira, cegueira o atraso cognitivo importante..) pode precisar recursos diferentes aos habituais, sendo responsabilidade do centro o facilitarlos, ben porque os posúe xa dentro do material dispoñible ou ben porque os solicita. Neste caso compre a intervención do EOEP ( Equipo de Orientación Específico Provincial).

#### **Organización básica:**

- Polo carácter extraordinario que esta medida de atención a diversidade implica, cómpre que antes de tomar a decisión de realizar unha adaptación curricular que se

teñan aplicadas outras medidas ordinarias e menos excepcionais, que demostraron ser insuficientes. Isto sucede tamén naqueles casos en que o alumno/a xa ven con esa ACS da etapa anterior e se aconsella a súa continuidade.

- O deseño e desenvolvemento da ACS é responsabilidade do profesorado que imparte a materia, coa colaboración dos departamentos didácticos, co asesoramento do departamento de orientación e, cando sexa preciso, do equipo de orientación específico provincial ou calquera outro profesional que participe na atención ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinta.
- É conveniente que o desenvolvemento da adaptación curricular se realice integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo-clase de referencia, para asegurar o maior grao de integración do alumno/a. A intervención do profesorado especialista do departamento de orientación pode realizarse tanto dentro como fora da aula ou de xeito combinado, en función do deseño acordado co profesorado titor/a e que se contempla no documento persoal de ACS do alumno/a.
- A ACS terá unha duración mínima dun curso. Os datos e proposta de adaptación nas materias deben reflectirse nun documento que se remitirá á inspección educativa para a súa autorización. No caso de repetición de curso non é preciso elaborar un novo documento para ese curso nin envialo á inspección.
- A adaptación curricular significativa se decide en reunión do equipo docente presidida pola xefatura de estudos. É preciso para a súa elaboración realizar entre todas as materias un proceso de avaliación diagnóstica en que se especifiquen as particularidades do proceso de ensino-aprendizaxe, necesidades que presenta o alumno/a e acordos a seguir na elaboración. A xefatura de orientación elaborará un informe psicopedagógico do alumno/a. A familia debe dar a súa aprobación nunha reunión co titor/a.
- O titor/a enviará á inspección o documento da ACS para solicitar a autorización da medida. Debe ir acompañado dun acta de información e acordo coa medida por parte da familia.

## **b) Agrupamentos flexibles (AF).**

### **Obxectivo:**

Axudar aos alumnos/as a superar as súas dificultades nas materias en que se pode organizar os agrupamentos.

**Perfil:**

Alumnado da ESO co dificultades nas materias de linguas ( LC e LG) e nas matemáticas.

**Organización:**

- Son desdobramentos de grupo, transitorios e reversibles, realizado polo profesorado dos departamentos didácticos implicados.
- Por acordo de centro, o cambio do alumnado dende o grupo –clase ao agrupamento flexible só pode producirse despois da avaliación inicial e da 1º avaliación. Non é aconsellable a incorporación tardía dun alumno/a no 3º trimestre.
- É unha medida de reforzo educativo que non implica cambios curriculares en xeral.
- Nos agrupamentos empregarase unha metodoloxía diferente (mais práctica).
- Os criterios de avaliación serán, en xeral, os mesmos que os do grupo de referencia.
- Os AF constarán no boletín de cualificacións nas materias correspondentes e no expediente do alumnado como RE.
- Durante o curso a cualificación máxima que un alumno/a pode acadar nas materias é de 5. Ao final de curso pode indicarse a nota de 6 como referencia dun traballo continuo e positivo.
- O número de alumnos/as no AF non será, agás caso excepcional, de 13 membros.

**c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.****Obxectivo:**

Ofrecer unha atención personalizada ao alumnado do centro con necesidades educativas especiais.

**Perfil:**

Alumnado con necesidade específica de apoio (ACNEA) e aquel outro con situación persoal e/ou da aprendizaxe, que precisa ser atendido, prioritariamente nas materias instrumentais e nos primeiros cursos da ESO.

O alumnado que ven sendo atendido desde Primaria nos centros adscritos, continuará con esta atención seguindo as orientación do profesorado de Primaria.

**Organización:**

Nas avaliacións de xuño e de setembro da ESO recollerase a continuidade ou non do alumnado que, no curso de referencia, recibiu medidas de apoio. En todo caso,



priorizárase a actuación co alumnado de 1º e 2º da ESO sobre o alumnado doutros cursos e da ensinanza obrigatoria sobre a postobrigatoria.

O novo alumnado, en cada curso, integrarase en función do acordado na avaliación inicial.

Se se produce unha petición fora da Xunta de Avaliación o profesor/a que solicita a medida, dirixirase á profesora PT correspondente e explicarlle a demanda e as razóns da solicitude. A profesora comentará a situación no departamento de orientación e adoptarase a medida conveniente, con información ao titor/a e xefatura de estudos.

As medidas de apoio polo profesorado especialista desenvolveranse, prioritariamente, dentro da aula do grupo-clase, segundo a normativa vixente. Atenderase especialmente o apoio nas materias instrumentais.

O rol do profesorado especialista é axudar:

- Na mellora das estratexias de aprendizaxe ou na supervisión dos procedementos de traballo do alumnado dentro da clase.
- A implantación de programas acordados polo departamento de orientación e titores, colaborando co titor/a.
- No desenvolvemento de dinámicas de traballo, en colaboración co profesorado ou titor/a.

Segundo acordo, algúns alumnos/as poden recibir medidas de apoio fora do seu grupo-clase para:

- Reforzar os aspectos curriculares e competenciais na mellora da súa aprendizaxe.
- Traballar no asentamento de habilidades sociais, condutuais ou de estudo.

Priorizaranse as horas das materias respectivas ou aquelas con maior carga horario, nas que se chegue ao acordo. Nos seu caso, empregaranse as horas alternativas á Relixión.

### **Coordinación co profesorado especialista do departamento de orientación:**

-O profesorado titor dos distintos grupos de nivel reunirse polo menos co Departamento de Orientación a primeiras semana de cada mes, tal e como figura no seu horario. Nas restantes semanas do mes os profesores especialistas reuniranse cos titores dos grupos nos que realizan apoio, previo acordo do horario, par ao seguimento e coordinación nas actuacións.

-Coa finalidade de coordinar as actuacións:

- O profesorado da materia na que o alumno/a está sendo apoiado coordinarase co profesorado especialista de PT para abordar os aspectos do reforzo a seguir.
- A hora de avaliar e cualificar ao alumnado apoiado é preciso ter en conta a opinión do profesorado especialista de PT, pois a súa labor é de aconsellar, facilitar e

colaborar na elaboración de material, exames ou pautas puntuais a seguir co alumnado, así como de informar de aspectos específicos que se observan no traballo próximo con estes.

-Pola incidencia da labor de apoio, o profesorado de PT participará co titor/a, sempre segundo acordo, nas entrevistas coa familia do alumnado que apoia.

## **d) Flexibilización da duración do período de escolarización na ESO:**

**Obxectivo:** Adiantar ou retardar o comezo de finalización na ESO:

### **Perfil:**

- Alumnado repetidor un ano na etapa anterior
- Alumnado con altas capacidades
- Alumnado estranxeiro
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

### **Organización:**

- A repetición nun mesmo curso só poderá realizarse unha vez e, excepcionalmente, dúas en cuarto curso se non se repetiu nos cursos anteriores da etapa. A medida será proposta pola xunta de avaliación.
- O alumnado con altas capacidades poderá adiantar un ano a súa escolaridade.
- O alumnado con altas capacidades poderá reducir nun ano o tempo de permanencia nesta etapa se non lle foi aplicada esta medida na etapa anterior.
- O alumnado con NEE poderá variar tanto a súa incorporación como a permanencia nesta etapa.
- O alumnado estranxeiro poderá ser escolarizado nun ou dous cursos inferiores ao que lle correspondería por idade segundo as recomendación do equipo docente, ben na sesión de avaliación inicial ou ao longo do 1º trimestre. Tamén poderá realizarse ao longo do curso no caso de que a incorporación se produza cando o curso xa está avanzado.

### **Requisitos:**

1. Informe do titor ou titora.
2. Informe psicopedagógico.
3. Proposta das ACSs.
4. Aprobación das familias.
4. Autorización da inspección educativa.

## **e) Fragmentación dos cursos na ESO:**

**Obxectivo:** Facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais a consecución do título de Graduado/a na ESO.

**Perfil:**

Alumnado con necesidades educativas específicas que necesite un apoio personalizado que xustifique esta medida.

**Organización:**

- Poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación do curso se as necesidades de apoio específico o xustifican.
- O/A alumno/a deberá permanecer escolarizado todo o horario e durante os períodos correspondentes das materias que non estea a cursar deberá prestárselle atención.
- O alumnado poderá permanecer excepcionalmente un ano máis na etapa, pero a permanencia na ESO non poderá estenderse máis alá do ano no que cumpra os 20 de idade.
- Esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis.
- Na distribución horaria dos Departamentos despois de ser contabilizadas as horas das actividades docentes da súa especialidade e das materias afíns que, se é o caso, lle correspondan, será prioritaria a dedicación ao reforzo do alumnado que o necesite para unha mellor atención á diversidade.

## **f) Flexibilización da duración do período de escolarización no bacharelato e na Formación Profesional:**

**Obxectivo:**

Facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais a consecución do título de Bacharelato ou de FP, xa sexa no Grao Medio como no Superior..

**Perfil:**

Alumnado con necesidades educativas específicas que necesite un apoio personalizado que xustifique esta medida.

**Organización:**

- O alumnado con NEE poderá cursar o bacharelato ou FP de xeito fragmentado a proposta do equipo docente.

- Poderá estar escolarizado todo o horario recibindo atención adaptada ás súas necesidades durante os períodos correspondentes ás materias ou módulos que non estea a cursar.
- As Xefaturas dos Departamentos implicados nas materias ou módulos que estea a cursar o alumno ou alumna, adaptarán o currículo e proporán actividades para as horas nas que o alumno ou alumna debería estar recibindo clase doutras materias ou módulos que non cursa.
- A Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación organizarán cos Departamentos implicados o horario de atención ao alumno ou alumna que estea nestas condicións.
- En Bacharelato poderán aumentar a súa escolarización ata dous anos máis con respecto á norma xeral.
- En FP poderase autorizar unha repetición máis das dispostas.
- O alumnado con sobredotación poderá adiantar nun ano a súa escolarización no ensino postobrigatorio.

#### **Procedemento para solicitar a flexibilización:**

- Informe do Departamento de Orientación que xustifique a medida.
- Conformidade do pai/nai ou titor/a legal, no caso de que ao alumno ou alumna sexa menor de idade.
- Proposta de adaptación do currículo deseñada polos Departamentos implicados.
- Período de solicitude: **abril** [para as modalidades que non contén con avaliación extraordinaria no mes de setembro] ou **setembro**, dentro dos 15 días naturais posteriores á presentación da solicitude da matrícula.

### **g) Programas de Diversificación (LOE)**

#### **Obxectivo:**

Que os alumnos e alumnas alcancen, mediante unha metodoloxía apropiada e uns contidos adaptados ás súas características, as capacidades, obxectivos e competencias propias da etapa e poidan obter o título de Graduado na Educación Secundaria Obrigatoria.

### **Perfil:**

Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe en cursos anteriores para o que as medidas de atención á diversidade adoptadas non resultaron suficientes, e para o que a xuízo do equipo docente existan expectativas razoables de que poida alcanzar o título de graduado en ESO.

Poderán participar neste Programa os alumnos e alumnas que:

- Teñan cursado o 2º da ESO sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.
- Tras cursar 3º ESO, non estean en condicións de promocionar a 4º curso.
- Tras repetir o terceiro curso, non foron capaces de superalo.
- Ter cursado o cuarto curso da ESO sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

### **Organización:**

O grupo terá entre 5 e 10 alumnos ou alumnas.

As materias específicas agrúpanse en ámbitos: Sociolingüístico e Científico.

O alumnado de diversificación cursa os ámbitos e a Lingua Estranxeira separados do seu grupo de referencia.

Para entrar no programa é necesario que:

- O titor ou titora propoña ao alumno ou alumna.
- A xunta de avaliación ratifique esta proposta.
- A Xefatura de Estudos considere conveniente esta medida.
- O Departamento de Orientación emita un informe favorable despois da avaliación correspondente.
- O alumno ou alumna acepte participar no programa.
- A familia autorice en acta a participación do seu fillos ou filla no programa

## **h) Programas de mellora da aprendizaxe (LOMCE):**

### **Obxectivo:**

Que os alumnos e alumnas alcancen, mediante unha metodoloxía apropiada e uns contidos adaptados ás súas características, os obxectivos e competencias propias da etapa e poidan pasar a 4º curso no itinerario de ensinanzas aplicadas e ter así máis posibilidades para obter o título de Graduado na Educación Secundaria Obrigatoria.

### **Perfil:**

Dirixido preferentemente o alumnado que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo.

### **Organización:**

Poderanse incorporar cando repitan polo menos un curso en calquera etapa e que non estean en condicións de promover ao 2º curso, ou que unha vez cursado 2º curso non estean en condicións de promover a 3º curso.

O programa desenvolverase ao longo dos cursos 2º e 3º no primeiro suposto, ou só en 3º curso no segundo suposto.

O alumnado que, ao rematar 3º curso, non estean en condicións de promover ao 4º curso, poderán incorporarse de forma excepcional a este programa.

Este programa poderá organizarse de dúas formas:

- De forma integrada: Neste caso o alumnado cursará en grupos ordinarios todas as materias de 2º e 3º, pero con proposta curricular específica e con orientación metodolóxica adaptada.
- Organizado en grupos específicos cun grupo de referencia, por materias diferentes ás establecidas con carácter xeral e en tres ámbitos específicos:
- Ámbito lingüístico e social (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia).
- Ámbito de carácter científico e matemático (Bioloxía e Xeoloxía, Física e química e Matemáticas).

### **i) Programas de Cualificación Profesional (LOE):**

#### **Obxectivo:**

Lograr que o alumnado en grave risco de abandono escolar alcance competencias profesionais propias dunha cualificación de nivel 1 da estrutura actual do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e teñan a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria que amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas.

#### **Perfil:**

Alumnado entre 15 e 21 anos cumpridos no ano de inicio do programa, que se atope nas seguintes situacións:

- Ter dificultades de aprendizaxe que lle impidan alcanzar os obxectivos da ESO a través do currículo ordinario
- Estar en grave risco de abandono escolar
- Estar desescolarizado por abandono
- Alumnado estranxeiro con desfase curricular

### **Organización:**

O IES Rodeira acóllese á Modalidade A de Servizos Administrativos que implica impartir os módulos formativos de carácter xeral no instituto e os módulos específicos no instituto no 1º ano e continuar a formación mediante o horario da ESA no segundo ano.

O número máximo de alumnas e alumnos será de quince. O alumnado con NEE computará dobre.

Para entrar no programa é necesario que:

- O alumno ou alumna acepte participar no programa.
- A familia autorice a participación do seu fillo ou filla no programa.
- titor ou titora realice un informe coa proposta do equipo.
- Departamento de Orientación emita un informe coas conclusións da avaliación psicopedagóxica.

A Dirección do centro valora e decide a incorporación do alumnado maior de 16 anos.

No caso do alumnado de 15 anos remitiranse os informes [proposta da Dirección, informe do titor/a e informe do Departamento de Orientación] ao Servizo Territorial de Inspección Educativa que debe autorizar a incorporación do alumno ou alumna ao programa.

## **I) Programa de Formación Profesional Básica:**

### **Obxectivo:**

Ten como finalidade preparar ao alumnado nun campo profesional, a nivel básico ou de axudante, para que logo poda continuar estudos de FP de Grao Medio e tamén crear as bases para que prosiga cos seus estudos dentro do sistema educativo.

Pretende logo:

- Achegar ao mundo profesional, ao mercado de traballo e facilitar a inserción laboral de xeito cualificado.
- Crear as posibilidades de acadar os obxectivos e competencias precisas para continuar estudos.

### **Perfil:**

O alumnado debe cumprir de forma simultánea os seguintes requisitos:

- a) Ter 15 ou 16 anos, no ano de inicio do ciclo formativo.
- b) Ter cursado o 3º da ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.
- c) Ser propostos/as polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

## Organización:

Para realizar a proposta de incorporación dun alumno ou dunha alumna a un ciclo formativo de formación profesional básica seguirase o procedemento seguinte:

- O equipo docente dos grupos da educación secundaria obrigatoria con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do departamento de orientación realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación.
1. Posteriormente, o titor ou a titora elaborará para cada alumno ou alumna o consello orientador, coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación, no que se fará constar:
    - O grao de consecución dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta.
    - As dificultades de aprendizaxe presentadas.
    - As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso.
    - Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de formación profesional básica.

O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado polo titor ou a titora do alumno ou da alumna, en nome do equipo docente, o xefe ou a xefa do departamento de orientación e a persoa encargada da dirección do centro educativo.

1. A dirección dos centros comunicaranlles aos pais, ás nais ou aos/as titores/as legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregarán un exemplar do consello orientador e o documento no que, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas.

O departamento de orientación colaborará coa dirección do centro para informar o alumnado e as familias do alumnado proposto acerca das características xerais e das finalidades dos ciclos formativos da formación profesional básica.

2. Os pais, as nais ou os/as titores/as legais do alumno ou da alumna entregarán na secretaría do centro o documento de consentimento debidamente cuberto e asinado.
- 3.** Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluírase no expediente académico.



## **j) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo:**

### **Obxectivo:**

Facilitar unha escolarización o máis normalizada posible deseñando e aplicando as medidas de atención á diversidade que procedan para cada casuística específica (violencia de xénero, acoso escolar, itinerancia familia, atención hospitalaria..., e absentismo], no momento en que o alumno ou alumna se matricule no centro ou se detecte este problema no curso.

**Perfil:** Alumnado de ESO, Bacharelato e FP que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

### **Casuística:**

#### **Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.**

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á Administración educativa, de acordo co procedemento que se estableza.

A consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

#### **Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.**

A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle imponen medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da **Lei orgánica 5/2000**, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

#### **Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.**

A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

A Consellería garantiralles ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.

Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo con carácter urgente.

#### **Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero.**

De acordo co establecido no artigo 17 da **Lei 11/2007**, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero será inmediata. Así mesmo, o centros educativo prestará atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.

Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

### **Atención educativa a mozas embarazadas.**

En cumprimento do establecido no artigo 5 da **Lei 5/2010**, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á Muller embarazada, se arbitrarán as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas esixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.

Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a Consellería de Educación.

A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades.

Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

#### **Organización:**

O equipo directivo, a Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación recollerán información sociofamiliar e académica de cada alumno ou alumna que precise unha escolarización específica.

En cada caso deseñarase unha programación específica adecuada baseada nas competencias básicas e nos contidos mínimos das materias, adaptando a metodoloxía ao contorno físico no que reciba a escolarización.

Cando sexa necesario que o alumno ou alumna continúe os seus estudos a través dunha **atención educativa domiciliaria** (a partir dun mes de ausencia ao centro), esta será coordinada polo profesor ou profesora titor e polo Departamento de Orientación.

A atención domiciliaria precisará de :

- Petición da familia ante a dirección do instituto.
- Presentación do informe médico que acredite esta necesidade.
- Informe da dirección ao respecto, dirixido á inspección educativa.
- Informe emitido pola xefatura do departamento de orientación.
-

## **K1) No alumnado con incorporación tardía: grupo de adquisición das linguas:**

### **Obxectivo:**

Traballar co alumnado estranxeiro descoñecedor da LC e da LG en agrupamentos flexibles, que teñan por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope matriculado.

### **Perfil:**

Alumnado estranxeiro da ESO que descoñeza completamente ambas as dúas linguas oficiais de Galicia.

### **Organización:**

- Son agrupamentos flexibles.
- En xeral o alumnado poderá formar parte destes agrupamentos un trimestre ou ata que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.
- alumnado deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso.
- horario máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será 24 períodos lectivos semanais que poderá irse reducindo.
- Cursará co grupo ordinario a Educación Física, Música, Educación Plástica e Titoría.
- profesorado do grupo de adquisición de linguas pertencerá ás especialidades de tipo lingüístico.

Cando os grupos de adquisición de linguas non se poidan conformar, este alumnado deberá incorporarse ás medidas de atención á diversidade do centro, logo do informe da Xefatura do Departamento de Orientación, quen propondrá a incorporación a aquelas medidas que resulten máis adecuadas para cada alumno ou alumna.

## **K2) No alumnado con incorporación tardía: grupo de adaptación da competencia curricular:**

### **Obxectivo:**

Traballar co alumnado estranxeiro en agrupamentos flexibles para que progrese na súa competencia curricular, de xeito que se posibilite a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope matriculado.

**Perfil:**

Alumnado estranxeiro da ESO que presente dous ou máis cursos de desfase respecto á súa idade.

**Organización:**

- Son agrupamentos flexibles.
- A permanencia nos grupos de adaptación da competencia curricular levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, coincidindo coas materias instrumentais.
- Un alumno ou alumna estranxeiro con desfase curricular poderá beneficiarse desta medida todo o ano escolar se fora necesario.
- O alumnado do grupo deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso.
- O horario máximo de permanencia neste grupo é de 10 períodos lectivos.
- profesorado destes grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente ás especialidades correspondentes coas materias a reforzar.
- A avaliación deste alumnado correspóndelle ao profesor ordinario, quen terá en conta a información do profesor ou profesora do grupo de adaptación de competencia curricular.
- O titor ou titora do alumno ou alumna destes grupos, deberá establecer a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación, especialmente no relativo ao aspectos metodolóxicos, programación de actividades e establecemento de criterios de avaliación.

**L) Programa de Acolida do alumnado estranxeiro:****Obxectivo:**

Cofecer as características persoais, académicas e familiares do alumnado inmigrante para diagnosticar e organizar en consecuencia a intervención educativa.

**Perfil:**

Alumnado estranxeiro que se incorpore en cada un dos niveis educativos que se imparten no centro.

**Organización:**

- Os alumnos e alumnas estranxeiros que se vaian incorporando ao centro, ben ao comezo ou ao longo do curso escolar, contarán sempre coa axuda do titor ou titora e/ou un

compañeiro ou compañeira, para facilitarlle a súa integración, ademais do Departamento de Orientación, do equipo docente e da Xefatura de estudos.

- O titor ou titora, apoiado polo Departamento de Orientación, é a persoa que se responsabiliza da presentación do espazo físico do centro, de dar a coñecer as normas de convivencia, e de presentarlles aos alumnos e alumnas estranxeiros da súa titoría o plan de intervención educativa deseñado para cada un deles ou delas.
- Os plans de intervención individuais de ser necesarios, debateranse pola Xefatura de estudos, o Departamento de orientación e o equipo docente decidindo a aplicación das medidas ordinarias ou extraordinarias convenientes.
- Para a adopción das medidas de atención á diversidade convenientes terase en conta o **informe do alumnado inmigrante** e a información recollida nas horas de reunión do profesorado titor co Departamento de Orientación.
- O alumno ou alumna voluntario ou titor/a que se encarga de facilitar ao alumno ou alumna estranxeiro o horario do curso, acompaña/a nos cambios de aula, preséntao/a aos compañeiros/as e profesorado.

## **VI.-CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

Identificadas as necesidades de atención á diversidade nas sesións de avaliacións de XUÑO e SETEMBRO e na avaliación inicial a organización dos recursos farase seguindo:

### **Recursos materiais:**

O centro dotará ás aulas progresivamente con recursos TIC e as aulas específicas e de apoio cubrindo as necesidades presente no curso. Ademais da partida para o centro utilizarase nos casos correspondentes a do Fondo Social Europeo, a dos Contratos Programa e as correspondentes aos proxectos que o centro solicite.

### **Recursos humanos:**

- Dúas profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica: encargaranse das aulas de apoio ou aulas de orientación.
- O Profesorado dos Departamentos didácticos implicados: encargaranse da docencia nos diversos programas do centro: PDC, Programas de mellora da aprendizaxe, PCPI, FP Básica e do reforzo nas materias na ESO.

- O Profesorado asignado dos Departamentos didácticos: encargarse dos desdobres, agrupamentos flexibles, optatividade, apoios e de asumir o seguimento das pendentes.

### **Organización de recursos humanos máis específicos:**

**O Programa de diversificación e Programa de Mellora da Aprendizaxe:** impartido polo profesorado dos diferentes departamentos didácticos en función da dispoñibilidade horaria e do acordo de rotación existente e coordinados polo Departamento de Orientación.

**Programa de cualificación profesional inicial e de FP Básica:** profesorado dos diferentes departamentos didácticos en función da dispoñibilidade horaria e coordinados polo Departamento de Orientación.

**Reforzo na materia de Lingua , cando se curse a exención na segunda lingua estranxeira:** será impartido polo departamento de orientación no horario da 2ª lingua estranxeira e asumido polas profesoras especialistas de Pedagogía Terapéutica.

**Reforzo en outras materias:** será impartido polo profesorado da materia.

**Desdobres, agrupamentos flexibles, optatividade:** será impartidos prioritariamente polo profesorado da materia en función da dispoñibilidade horaria dos Departamentos, e sempre coordinados polo xefe ou xefa de Departamento.

**Atención de pendentes:** dependerá do profesorado que imparte a materia no grupo. Se non hai continuidade na materia a atención dependerá da Xefatura do Departamento didáctico.

**Adaptacións curriculares, programas específicos personalizados, atención hospitalaria, atención domiciliaria, atención ao alumnado estranxeiro,...** o/a orientador/a, en coordinación coa Xefatura de estudos, titores e titoras e membros dos equipos docentes seguirán en cada caso as instrucións ditas pola Consellería.

### **Criterios para a aplicación das medidas de atención á diversidade**

A organización de cada unha destas medidas está detallada no presente plan, no apartado que corresponda referente ás medidas de atención á diversidade, **medidas ordinarias** ou **medidas extraordinarias**.

Na análise da información recollida nas avaliacións de xuño e setembro para acordar as medidas de atención á diversidade que se aplicarán no curso que empeza, teremos en conta cada unha destas casuísticas:

- Alumnado de apoio.
- Alumnado para reforzo nas materias instrumentais.
- Alumnado para PDC ou Programas de mellora da aprendizaxe.
- Alumnado para PCPI e/ou FP Básica.

- Alumnado para agrupamentos flexibles nas distintas materias.
- Alumnado repetidor.
- Alumnado que pasa de curso por promoción obrigada.
- Alumnado conflictivo ou que presenta problemas de conduta.

A aplicación de cada unha das medidas, en cada curso escolar ou concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade, dependerá de:

1. O número de alumnos/as que necesite a medida.
2. A dispoñibilidade de profesorado
3. As posibilidades organizativas do centro
4. A decisión do claustro
5. A aprobación da administración [medidas extraordinarias]

Unha vez analizadas as necesidades e posibilidades adoptaranse os seguintes criterios para a aplicación das medidas de atención á diversidade:

1. Todas as medidas de atención á diversidade que se levan aplicando no noso centro (apoio, PDC,FPB, PCPI, agrupamentos flexibles, reforzos e desdobres]) serán aplicadas sempre que haxa alumnado proposto e profesorado dispoñible.

2. Cada curso escolar poderá propoñerse a implantación de novas medidas, sempre que se consideren necesarias e viables. Estas medidas terán por obxectivo atender as dificultades detectadas no alumnado, tanto no relativo ao proceso de aprendizaxe, como a problemas de conduta.

3. No caso de que non se poidan aplicar todas as medidas de atención á diversidade que foran precisas priorizaranse aquelas que:

- a. Requiran organizacións específicas: apoio, PDC, Programas de Mellora, FPB, PCPI.
- b. Atinxan os niveis máis básicos e atendan ás materias instrumentais básicas (AE, reforzo, desdobres de grupo,agrupamentos flexibles).
- c. Conten con profesorado especialista dispoñible (optativas, desdobres 1h semanal, pendentos).



4. Na formación de grupos terase en conta en 1º da ESO o número de alumnos/as e a procedencia dos centros, así como se é posible a variable sexo. Os grupos mantense estables en 1º e 2º da ESO e varían en 3º e 4º en función da optatividade e dos itinerarios.

En xeral, na formación dos grupos intentarase na ESO un reparto equilibrado de:

- Alumnado con ACS
- Alumnado con dificultades na aprendizaxe
- Alumnado repetidor
- Alumnado de promoción obrigada
- Alumnado que presente problemas de conduta

## **VII.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS.**

### **Funcións do equipo directivo:**

- Garantir, nas sesións de avaliación, a recollida de información sobre as medidas de atención á diversidade que se deberían aplicar.
- Acordar, xunto coas Xefaturas dos Departamentos de Orientación e didácticos implicados, as medidas de atención á diversidade que se aplicarán no curso que empeza.
- Organizar os grupos ao principio do curso en función das necesidades de atención á diversidade e dos posibles problemas de convivencia.
- Posibilitar a coordinación profesorado/Departamento de Orientación, para propiciar o éxito das medidas aplicadas.
- Valorar mensualmente o funcionamento e aplicación do plan de atención á diversidade entre a xefa de estudos e a xefa do Departamento de Orientación.
- Recompilar as valoracións do plan desde os diferentes Departamentos e recollelas na memoria final.
- Incorporar na Programación Xeral Anual do centro a concreción anual do Plan de Atención á Diversidade, elaborado polo Departamento de Orientación.

### **Función do profesor/a da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía (Orientador/a)**

- Elaborar a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, en colaboración co resto dos membros do Departamento.
- Concretar a proposta anual do Plan de Atención á diversidade despois da xuntanza co equipo directivo e as Xefaturas dos Departamentos.
- Asesorar á comisión de coordinación pedagóxica, proporcionando criterios organizativos, curriculares e psicopedagóxicos con respecto á atención educativa de todo o alumnado.
- Realizar o informe de avaliación psicopedagóxica, que determine as necesidades educativas do alumno ou alumna e, no seu caso, o ditame de escolarización, en colaboración cos profesionais do centro e outros servizos educativos.
- Coordinar a realización do plan de actividades do Departamento de Orientación e a memoria do mesmo de final de curso, onde se reflectan as medidas de atención á diversidade aplicadas no curso e a súa valoración.
- Asesorar tecnicamente na adecuación dos obxectivos xerais, nas decisións de carácter metodolóxico, no establecemento de criterios xerais sobre avaliación das aprendizaxes e promoción do alumnado, no deseño de procedementos e instrumentos de avaliación e na prevención e intervención ante dificultades ou problemas de aprendizaxe.
- Colaborar no seguimento e avaliación do proceso educativo do alumnado.
- Participar na planificación e no seguimento das adaptacións curriculares e doutras medidas de atención educativa, en colaboración co profesorado e os demais profesionais implicados.
- Colaborar co profesorado na elaboración das medidas de atención á diversidade que deben ser contempladas nas distintas programacións didácticas.
- Coordinarse cos servizos de orientación específicos.

- Favorecer a participación das familias ou representantes legais do alumnado no proceso de identificación de necesidades e na resposta educativa ás mesmas.

### **Funcións das Xefaturas dos Departamentos didácticos**

- Establecer os contidos mínimos baseados en competencias básicas que deben conseguir os alumnos e alumnas de apoio e reforzo.
- Coordinar aos profesores e profesoras que desdobran grupos ou realizan reforzos.
- Programar actividades para os alumnos e alumnas coa materia pendente.
- Propor medidas de atención á diversidade necesarias na área nas xuntanzas da CCP.
- Valorar a aplicación das medidas de atención á diversidade e propor modificacións de mellora para a súa inclusión no Plan de Atención á Diversidade do curso seguinte.
- Propor nas sesións da CCP novas medidas de atención á diversidade no caso de considerala necesarias.

### **Funcións do profesorado**

- Detección de posibles problemas de aprendizaxe. Comunicación ao titor ou titora.
- Elaborar e recompilar materiais didácticos para a realización das adaptacións curriculares.
- Propor nas sesións de avaliación, ao alumnado que precisa medidas de atención á diversidade.
- Coordinación entre o profesor ou profesora de apoio [PT] e o profesor ou profesora de área: avaliar de forma conxunta, realización de actividades.
- Facer o seguimento do alumnado no grupo ordinario daquel alumno ou alumna coa materia pendente do curso anterior.

### **Funcións do titor ou titora**

- Solicitar información ao profesorado e ás familias, do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado do grupo onde exerce a titoría.
- Detectar posibles problemas de aprendizaxe e comunicarllelos ao Departamento de Orientación e aos Departamentos didácticos.
- Transmitir a información ás familias, e das familias ao centro.
- Colaborar co Departamento de Orientación, na orientación académico-profesional, en canto a elección de itinerarios formativos.

### **Profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica**

- Participar na elaboración do plan de atención á diversidade e colaborar no desenvolvemento, seguimento e evolución das medidas establecidas no mesmo, asesorando nos programas de intervención individual, o desenvolvemento das adaptacións e axudas técnicas e de acceso ao currículo.
- Intervir directamente co alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o precise, coordinándose con outros membros do Departamento de Orientación, co titor ou titora e co resto de profesionais que interveñen co alumnado.
- Elaborar e adaptar materiais para a atención educativa especializada a este alumnado e proporcionar orientacións ao profesorado para a adaptación de materiais curriculares e material de apoio.
- Colaborar, co resto do profesorado do centro, na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe.
- Valorar, xunto co titor ou titora e resto de profesores e profesoras, o seguimento do proceso educativo do alumnado, de acordo aos obxectivos e contidos.
- Colaborar co profesorado titor e o/a orientador/a no asesoramento e orientación ás familias ou representantes legais, en relación ao proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado con necesidades educativas co que interveñen.

## VIII.-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN.

Os mecanismos de coordinación e colaboración están vinculados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e ten en conta as funcións que teñen os distintos servizos e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade.

### **Actuacións de colaboración e coordinación internas:**

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:

- Reunións dos órganos de goberno
- Reunións dos órganos colexiados
- Reunións do Departamento de Orientación
- Reunións dos Departamentos Didácticos
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas.
- Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ó ACNEAE, dentro e fóra do centro educativo.
- Reunións e contacto fluído dos titores coa orientadora e PTs..

### **No centro entre as distintas etapas educativas:**

Entre outras teñen especial interese as actividades:

- **De Orientación Académico Profesional**, onde o alumnado de bacharelato e de FP explica o funcionamento dos ciclos que se imparten no instituto ao alumnado de 4º da ESO
- **Relacionadas coa alimentación, a saúde física, psíquica e social** onde se imparten programas en colaboración co Concello, Arela e Cruz Vermella e outras asociacións.

### **Con outras etapas educativas**

- Para facilitar a transición á universidade organízanse, sempre que é posible, charlas con ex alumnos e alumnas. Isto complementase coa presenza de profesionais da

universidade no centro, que proporcionan información específica, ou ben coa asistencia do alumnado ás Xornadas de Orientación educativa no Morrazo.

- Con respecto á FP, todos os cursos recibimos visitas doutros centros de secundaria interesados na nosa oferta educativa, do mesmo xeito que nós nos interesamos pola oferta doutros centros do contorno, que imos visitar.
- Cando os mecanismos de atención á diversidade que pode ofrecer o instituto xa se esgotaron para certo alumnado polas súas dificultades (discapacidade intelectual, problemas graves de conduta...), o centro busca a escolarización en centros específicos elaborando o ditame de escolarización baseado na coordinación con outros centros e estamentos (centros educativos especiais, servizos sociais...).

### **Cos centros adscritos**

Cos Centros de Primaria adscritos de A Rúa e Castrillón-Coiro continuamos coa liña de coordinación iniciada dentro do Plan de Transición de Primaria a Secundaria (ver anexo).

En relación ós centros adscritos resáltase:

- O contacto da dirección do IES cos centros de Primaria adscritos, o cal facilita o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula,...
- Reunións periódicas cos/as orientadores/as de Primaria para:
  - Propoñer actuacións conxuntas a realizar.
  - Determinar o procedemento para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
  - Facilitar o intercambio de información sobre ACNE
  - Colaborar na elaboración de protocolos.
  - Compartir recursos (probas psicopedagóxicas, material bibliográfico, etc.)
  - Facilitar a transición do alumnado do último curso de primaria a 1º da ESO.
- Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro e tamén para as súas familias.
- Charlas e folletos informativos, dirixidas ó alumnado de 6º de primaria, sobre os cambios académicos que supón a introdución na ESO.

## **IX.- COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

### **Coas familias**

O centro debe garantir aos pais, nais ou titores legais do alumnado, en especial do que presente necesidade específica de apoio educativo, ou ao propio alumnado na medida que a súa idade e capacidade o permita, unha información precisa, comprensible e continuada de

todas as decisións e medidas curriculares, organizativas e de recursos que se vaian a adoptar para a súa atención educativa.

A comunicación fluída coas familias facilitará unha mellor resposta educativa ao alumnado.

A responsabilidade principal das comunicacións será do titor ou titora xunto co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos:

- Nas reunións de comezo de curso (co titor ou titora, co equipo directivo e con orientación) as familias serán informadas das canles de comunicación co profesorado (horario, teléfonos, atención polo titor e profesorado, comunicación das ausencias ao centro do alumnado, absentismo...) , e das características do curso.

-O Departamento de Orientación entrevistárase ao comezo do curso coas familias do alumnado que reciba ou precisen dun apoio; nestes encontros explicaráselles a planificación do traballo e, especialmente no caso dos novos alumnos e alumnas, pediráselles información relevante sobre a situación familiar do alumno ou alumna ou as súas relacións sociais, a historia escolar, a realización das tarefas en casa ou outras informacións pertinentes.

O titor ou titora e o Departamento de Orientación aconsellarán aos pais, nais ou titores legais sobre como axudar aos seus fillos e fillas no traballo escolar e as canles para colaborar co profesorado que atende ao alumno ou alumna. Recollerase por escrito a súa aceptación das medidas educativas proxectadas polo equipo educativo.

- Ao finalizar cada trimestre o titor ou titora informará ás familias dos alumnos e alumnas con medidas de atención á diversidade, das aprendizaxes conseguidas e recomendacións para o traballo en casa e durante as vacacións de ser necesario.

Para promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:

- Reunión inicial (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Entrevistas periódicas mantidas co titor/a ao longo do curso para facer o seguimento académico.
- Cuestionarios de inicio de curso para coñecer datos do contorno socio-familiar do alumnado, hábitos de estudo, ocio e tempo de lecer, características persoais do propio alumnado.
- Charlas informativas relacionadas co ámbito da orientación académica: tránsito da etapa de primaria a ESO, opcións académicas e profesionais dos seus fillos e fillas ao rematar a

ESO, información de outras opcións para o alumnado que se atopa en grave risco de abandono escolar.

- Reunións puntuais coa orientadora por demanda das nais, pais e titores e titoras legais do alumnado e colaboración na avaliación psicopedagóxica, cando se estime oportuna, así como tamén no propio proceso de avaliación inicial.

### **Cos diferentes servizos externos ao centro**

En canto ós servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:

- As reunións axústanse ós horarios e teñen en conta as funcións dos distintos profesionais.
- Da intervención colaboradora cos Servizos Sociais do concello de Cangas e coa educadora familiar destácase o contacto periódico xa que a través deles o centro conecta coas problemáticas individuais do alumnado, establece pautas de intervención conxuntas e realiza actuacións de seguimento dos casos
- Colaboración co Servizo de Prevención de Drogodependencias do Concello no desenvolvemento de plans de prevención do consumo.
- Colaboración con Xuventude do Concello nas medidas de asesoramento, programas e dinamización dos mozos e mozas.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios levase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas.
- Colaboración do Departamento de Orientación co EOE Provincial.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación (ex. Drdororienta)
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da xefatura de departamento.

## **X. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

Para solicitar unha medida extraordinaria de atención á diversidade seguirase o seguinte marco xeral, axustado de xeito particular segundo medida que se poña en marcha:



1. PROPOSTA razoada do equipo docente do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado, elaborado polo profesor ou persoa titora, que será remitido ao Departamento de Orientación e no cal se fará constar:

- A competencia curricular do alumno ou alumna en cada materia ou na materia.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a sexa obxecto de medidas de atención á diversidade.

2. INFORME da Xefatura do Departamento de Orientación no que se incluírá:

- A avaliación psicopedagóxica na que figura a situación evolutiva do alumno/a, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, e cantas outras orientacións se consideren oportunas.
- O documento que reflicte o resultado da reunión entre o titor ou titora [ou orientadora], o alumno ou alumna, e os pais, nais ou representantes legais, na que se lles formulou a conveniencia da proposta educativa.

3. SOLICITUDE da medida extraordinaria á Inspección Educativa para a súa autorización, por parte da comisión formada polo Xefatura de Estudos, a Xefatura do Departamento de Orientación e o titor ou titora do grupo.

Atendendo ás diferentes medidas:

### **Adaptación Curricular Significativa (ACS). Proceso de elaboración.**

-Para levar a cabo a adaptación curricular en calquera das materias do currículo, o centro deberá realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación sociofamiliar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, como pola orientadora do centro e o equipo psicopedagóxico de apoio ou calquera outro profesional que estea participando na atención ao devandito alumno ou alumna.

-Realízase unha reunión coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán o/a titor/a, o profesorado que imparte as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidírase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

### **Documento de adaptación curricular.**

Os datos obtidos na avaliación diagnóstica reflectiranse nun documento de adaptación curricular no que se que consignará a información relativa a:

- Datos persoais do alumno ou da alumna.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos do contorno sociofamiliar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Profesionais participantes.

### **Solicitud e autorización.**

O director ou directora do centro enviará a proposta de adaptación curricular ó correspondente Servizo Provincial de Inspección, que emitirá un informe.

### **Rexistro.**

A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.

### **Avaliación.**

A avaliación do alumnado que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela, sen prexuízo de que para efectos de promoción referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente.

A adaptación curricular reflectirase como ACS (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe ós pais ou responsables legais.

### **Revisión.**

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia ós obxectivos e ós criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborara a adaptación.

### **Relación coas familias.**

As familias dos alumnos ou alumnas que sigan algunha adaptación curricular recibirán a información pertinente das decisións adoptadas sobre a mesma. No caso de desacordo poderán reclamar perante o director ou directora do centro e, de persistir na súa desconformidade, perante o Servizo de Inspección correspondente, que deberá resolver.

### **Agrupamentos Flexibles: Protocolo de actuación**

1. Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno ou alumna expresada nun informe do titor ou titora.

2. Información ós pais por parte do titor ou titora e acta da reunión.
3. Decisión de proposta desta medida pola CCP.
4. Elaboración das programacións didácticas adaptadas por parte dos correspondentes departamentos didácticos. Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no proxecto curricular do centro e da programación de aula. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.
5. Envío da proposta por parte da Dirección do centro á Inspección Educativa para a súa autorización. Esta proposta incluirá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia e as materias nas que se van a constituír os agrupamentos flexibles.

#### **Apoio do Profesorado de PT e/ou AL: Protocolo de actuación:**

1. Solicitud de apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
2. Información á familia a través do titor ou titora.
3. Proposta de apoio do departamento de orientación.
4. Información á Xefatura de Estudos.
5. Autorización da Dirección.

#### **Flexibilización da duración do Período de escolarización:**

Logo de comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial a dirección do centro presentará a solicitude ante a Inspección Educativa para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co titor/a.
- b) Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da tutoría legal do alumno/a, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
- d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao Xefe ou á Xefa territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización. Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderáselle requirir ao equipo de orientación específico, a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

Prazos no procedemento de flexibilización: O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización perante a Inspección Educativa será ata o 31 de outubro de cada curso académico.

A resolución da autorización da flexibilización comunicaráse ao centro no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesada.

### **Programa de Diversificación Curricular (PDC) ou de Mellora da aprendizaxe**

Xa especificado dentro deste Plan.

### **Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) ou de Formación profesional Básica (FPB).**

Xa especificado dentro deste Plan.

### **Atención Educativa ao alumnado que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a o centro educativo.**

#### **Protocolo de actuación**

1. Solicitud de la medida ante a dirección do centro a instancia da familia.
2. Elaboración dun informe polo departamento de orientación.
3. Solicitud pola dirección do centro á xefatura territorial, a través da Inspección.
4. Realización do programa individualizado de atención educativa coordinado polo titor/a.

### **Grupos de Adquisición das Linguas**

#### **Protocolo de actuación**

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.
2. Informe psicopedagógico (se procede),
3. Proposta de horario de permanencia no grupo. (será dun máximo de 24 horas semanais e o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música, educación plástica e visual, así como no período de tutoría).
4. Información á familia.
5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

### **Grupos de Adaptación da Competencia Curricular**

#### **Protocolo de actuación**

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia curricular do alumno.
2. Informe psicopedagógico (se procede).
3. Proposta de horario de permanencia no grupo. (será dun máximo de 10 horas semanais,) principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental. O alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia no resto de materias.
4. Información á familia.

5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

### **Exención da 2ª Lingua Estranxeira**

#### **Protocolo de actuación**

1. Proposta do equipo de profesores do curso anterior.
2. Conformidade por escrito do alumno e os seus pais.
3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.
4. No caso de alumnado de nova incorporación ó centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
5. Autorización da dirección do centro.

## **XI. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

Na avaliación inicial que se realiza a comezo de curso, entre setembro e outubro, os profesores e profesoras de cada grupo farán especial fincapé na detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado de cada grupo.

Os Departamentos didácticos nas reunións de Departamento valorarán os apoios e as adaptacións curriculares que se están realizando na súa área, tendo en conta a información que as familias achegan ao profesorado titor.

A xefa de estudos e a xefa do Departamento de Orientación manterán unha reunión mensual para valorar o plan de atención á diversidade.

Nas CCP dos meses seguintes á 1ª e 2ª avaliación valoraranse os resultados académicos dos alumnos e alumnas que reciben medidas de atención á diversidade, para buscar solucións aos problemas que vaian xurdindo.

Na última CCP do curso os Departamentos didácticos, o Departamento de Orientación e o equipo directivo achegarán unha valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas, propoñendo melloras para a súa aplicación no vindeiro curso.

Na memoria final recolleranse as valoracións do claustro acerca do funcionamento do plan de atención á diversidade incluíndo propostas de modificación ou mellora de ser necesario.

Na avaliación de setembro completárase a información con respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo incluíndo a oferta das novas medidas propostas na memoria final.

Todas as modificacións propostas incluíranse na Programación Xeral Anual do curso seguinte para ser aprobadas polo consello escolar.